

## A Cámara de Vigo aposta pola creación de empresas para chegar fortalecidos ao final da crise

- A institución cameral contará cun orzamento de 4.264.160 euros para afrontar o ano 2010.
- O departamento de comercio exterior organizou para este ano un total de 38 accións co obxectivo fundamental de fomentar as exportacións das empresas galegas.
- A Cámara espera poder iniciar as negociacións para ampliar o espazo do Viveiro de empresas ao longo deste exercicio.

**Vigo, 20/01/2010.** O presidente da Cámara de Comercio de Vigo, José García Costas, presentou esta mañá o plan de traballo e os obxectivos da institución para este ano 2010, á súa vez fixo un balance dos datos recollidos por tódolos departamentos durante o exercicio anterior. Neste sentido, García Costas, que estivo acompañado polo xerente da Cámara, José Manuel García Orois, fixo fincapé na necesidade de que os cidadáns conozan o traballo que se está levando a cabo dende a institución e tódolos servizos que dende ela se prestan. Para a súa realización, o pleno da Cámara aprobou un orzamento de 4.264.353 euros para este exercicio, unha cifra que o presidente calificou de “conservadora” dada a actual situación económica.

Unha das áreas nas que fixo fincapé foi o Viveiro de Empresas, que acaba de cumprir cinco anos de vida. García Costas destacou aa gran oportunidade que supón este tipo de instalacións para as empresas que nacen, e neste sentido recalcou a súa intención de ampliálo: “Trátase dunha vella aspiración. Queremos ampliar o espazo disponible, xa que o noso índice de ocupación, a diferencia doutras cámaras, é importante dado o dinamismo de Vigo”. A Cámara pretende, por tanto, aumentar este espazo “antes de que finalicen os Fondos Europeos” xa que, para García Costas, “tras este momento de crise galopante chegarán iempos de bonanza y hai que estar preparados”

A Cámara de Vigo prestou, durante 2009, un total de 21.001 servizos aos usuarios, o que supón unha media de case 90 xestións diarias. O pulo da formación (que viuse incrementado en 2.000 alumnos con respecto ao ano anterior, chegando aos 6.498 alumnos), os servizos da oficina colaboradora do Rexistro Mercantil (que ata o 6 de xullo, data de apertura da nova oficina en Vigo, rondaban as 4.7000 xestións anuais), a expedición de Certificados Dixitais (775 documentos) ou as accións de comercio exterior (250 empresas

participantes) fan que a Cámara incrementase ano tras ano os seus resultados. En relación a este último dato de comercio exterior, o presidente explicou que este departamento recibirá case o 39% do total do orzamento (1,654 millóns de euros) para poder levar a cabo 8 misións comerciais directas (Croacia, Bosnia i Eslovenia; Panamá, Costa Rica e Guatemala; Rumanía; Italia; Portugal; Australia e Nova Zelandia; Canadá, Chicago e California; e India); 14 visitas a feiras (Euromold (Alemania), Siane (Francia), Aliankinta (Finlandia), Elmia (Suecia), Subcon (Reino Unido), Stim (Francia), Subfornitura (Italia), Médica (Alemania), Subcontratación de Nantes (Francia) Interpart (Alemania), Seatrade Miami (EEUU), Seafood Processing Europe (Bruselas), International Boston Seafood Europe 2010 (EEUU), Industrial del Hannover (Alemania), Midest (Francia), Feria K (Alemania)); e 6 visitas a certames internacionais.

### Comercio interior

No 2009, a Cámara de Comercio de Vigo puxo en marcha o Informe Semestral sobre o Comercio Minorista, unha ferramenta que naceu co obxectivo de coñecer máis detalladamente as necesidades deste sector tan importante para a economía, así como as súas inxerencias, de tal maneira que se poidan elaborar máis programas que axuden ao seu desenvolvemento e potenciación (sobre todo tendo en conta o momento de recesión económica no que están sumidos a maioría dos mercados internacionais). En 2009 publicáronse dous informes.

Finalmente, é importante destacar tamén, que este departamento creou unha comisión de seguimento das obras de humanización co Concello de Vigo para tratar de paliar o impacto das mesmas no sector, cun resultado excelente.

### Formación

Potenciar a formación entre os traballadores e os empresarios é un dos obxectivos prioritarios para a Cámara, un aspecto que se ve reflectido na progresión das cifras neste departamento. As principais áreas formativas son: novas tecnoloxías; apoio á creación de empresas e xestión empresarial; comercio exterior e interior; xestión da produción e calidade; medio ambiente, saúde laboral e idiomas para os negocios. Para este primeiro semestre, a institución ten previsto desenvolver 37 cursos e 7 seminarios orientados a mellorar a formación laboral en diversos campos. Así, entre os máis xenéricos destacan os dirigidos a mellorar a capacidade comunicativa, a linguaxe non verbal, as técnicas de vendas, a contabilidade da empresa e a súa fiscalidade... Entre os de informática sobresaen os de manexo de programas do paquete Office ou o de retoque fotográfico (PhotoShop CS3) ou de Internet e correo electrónico. Como sempre, adócase tamén especial atención aos de comercio

exterior, con cursos de xestión e práctica aduaneira, ou aos de idiomas (inglés e portugués).

O ano pasado impartíronse un total de 154 cursos, 88 seminarios e 1 programa formativo especial. As Antenas Cameraais, pola súa parte, programaron 36 actividades de formación. É importante destacar o importante crecemento de alumnos de 2009 con respecto ao exercicio anterior, que pasaron de 4.493 a 6.498 alumnos.